Un punto e grazas.

O conxunto xuvenil da A.D.R. Numancia de Ares empatou a un tanto fronte ó Eume Deportivo en partido correspondente a xornada sétima da Copa Local no seu grupo A. O encontro disputado no serán do sábado en Prados Vellos chegou ó descanso con vantaxe visitante de cero a un.

Prados Vellos, Ares a 18 de outubro de 2014.

Aliñacións:

ADR Numancia de Ares: Roberto, Emi, José Manuel (Miguel), Pablo Cartelle, Óscar (Nico), Martín, Iván (C) (Miguelito), Marcelo, Ángel, Fran (Miguelín) e Carlos.

Adestrador: Alejandro Gónzalez Domínguez

Delegado: José Antonio Couce Iglesias

Eume Deportivo: Jaime, Borja, Fran, Chema, Josete, Pablo Regueiro, Guti, Pablo Díaz, Yeray (Javi), Camilo (Alex Feal) e Dani (C) (Raúl).

Adestrador: Roberto C. Beceiro Iglesias

Delegado: Álvaro Rodríguez Vidal

Árbitro: D. Telmo López Vázquez, amosou cartón amarelos a Pablo Cartelle polo Numancia e a Borja e Chema polo Eume.

Goles: Ángel para o Numancia e Guti para o Eume.

0 - 1 (44') **Guti** : Erro de entendemento entre José Manuel e Roberto permite a Guti anotar o tanto eumés.

1 - 1 (77') **Ángel** : Asistencia de Carlos, dende a banda dereita á altura do medio campo con o exterior da súa perna esquerda, sobre a entrada de Ángel, quen gaña as costas do seu marcador i eleva o balón por riba do porteiro anotando así o tanto do empate.

Visitaba Prados Vellos o único equipo invicto do grupo A, mentres os locais trataban de colleitar unha vitoria despois de saír derrotados nos dous últimos encontros disputados en Prados Vellos.

Na primeira metade pouco xogo por ambos bandos, moito xogo directo con unha clara ocasión do Eume nos pes de Chema que sacou moi ben Roberto saíndo a tapar o tiro do dianteiro

eumés. Os locais non controlaron en ningún momento o centro do campo e abusaron das conducións polo centro sen abrir o xogo cara ás bandas. Por alto a maior envergadura dos visitantes facía que gañaran todos os balóns aéreos. O xogo era de escasa calidade, con moitos erros no pase, perdas de balóns e interrupcións no xogo polas faltas.

O gol chegou no minuto 44 cando xa se pensaba en rematar o primeiro tempo sen goles. Un erro de entendemento entre José Manuel e Roberto permite a Guti anotar o tanto eumés.Con cero a un chegaríase ó descanso.

A segunda metade comezou con penalti ós tres minutos favorable ós visitantes pero o lanzamento saíu fora a dereita da meta defendida por Roberto. Os visitantes buscaron máis as costas da defensa local aproveitando a velocidade dos dianteiros pero a boa actuación defensiva e tres boas intervencións de Roberto impediron que medrase o marcador dos de Pontedeume. Tamén reclamaron os visitantes outro penalti, pero en esta ocasión o colexiado non apreciou falta na xogada.

O xogo local non mellorou, púxose máis ganas pero seguese sen ter claridade no xogo, o gol chegaría grazas a unha saída rápida por banda dereita con pase de exterior de Carlos sobre a carreira de Ángel quen gañou as costas do seu marcador i elevou o balón sobre Jaime. Anotando o definitivo 1 - 1.

En resumo mal partido por ambos bandos, con poucas ideas, pouco xogo, moitos erros e faltas. Ó final reparto de puntos que despois da sétima xornada deixa ó Numancia de sexto clasificado con 11 puntos mentres que os do Eume son terceiros con 14 puntos.

Pulsa no seguinte enlace para ver os resultados e clasificación desta xornada.